

**C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA**

Materia	LINGUA GALEGA	Páx	1
Curso / Ciclo	3º de Educación Primaria		

**CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)**

<u>1ª AVALIACIÓN</u>	<u>2ª AVALIACIÓN</u>	<u>3ª AVALIACIÓN</u>
<p><b>Lectura :</b> unidades ( 1-4)</p> <p><b>Gramática:</b> A linguaxe e as linguas Oracións e palabras Sons e letras A sílaba. Clases de sílabas</p> <p><b>Ortografía:</b> O son K O son G. Diérese Signos que pechan oracións O son Z</p> <p><b>Expresión oral e escrita</b> Pedir info. Por correo electrónico Elaborar un cartel Comparar paisaxes Elaborar un folleto informativo</p> <p><b>Literatura:</b> Tempo para ler Poesía Un texto informativo Un texto instrutivo</p> <p><b>Competencias:</b> Facemos un esquema visual</p>	<p><b>Lectura :</b> unidades (5-8)</p> <p><b>Gramática:</b> O substantivo O xénero e o número O artigo e os demostrativos</p> <p><b>Ortografía:</b> Palabras con b (1). Palabras con h. A partición de palabras As contraccións do artigo</p> <p><b>Expresión oral e escrita</b> Elaborar unha lista de recomendacións Escribir unha receita Escribir unha invitación Explicar un proceso.</p> <p><b>Literatura:</b> Tempo para ler Teatro Un texto explicativo Un texto informativo</p> <p><b>Competencias:</b> Facemos un resumo dun texto</p>	<p><b>Lectura:</b> unidades(9-12)</p> <p><b>Gramática:</b> Os posesivos O adxectivo Os pronomes persoais O verbo</p> <p><b>Ortografía:</b> Palabras con v Palabras con x e con ll . Palabras con x e s. A coma e os dous puntos</p> <p><b>Expresión oral e escrita:</b> Contar unha experiencia persoal Dar indicacións Describir un obxecto Elaborar un anuncio</p> <p><b>Literatura:</b> Tempo para ler Lenda e conto popular</p> <p><b>Competencias:</b> Facemos un voaculario de palabras difíciles</p>

**OBXECTIVOS**

- Ler poesías con fluidez e comprensión. Aumentar o vocabulario.
- Aumentar o caudal léxico.
- Identificar e analizar as principais características dos contos: feitos, personaxes e espazo.
- Identificar as principais características dunha noticia.
- Comprender e aplicar algúns procedementos de formación de palabras.
- Facer descricións de persoas.
- Introducir conceptos ortográficos básicos
- Analizar os elementos básicos dun diálogo.
- Comprender e aplicar algunhas relacións semánticas básicas.
- Analizar as características peculiares dos textos teatrais.
- Aprender a agrupar palabras en familias léxicas.

## C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

- Analizar as características propias do conto: a introdución, o nó e o desenlace
- Analizar unha carta e recoñecer as súas partes.
- Introducir a diversidade lingüística.

### METODOLOXÍA

A metodoloxía será activa , participativa e globalizadora, favorecendo a integración dos alumnos/as na dinámica xeral da aula para a adquisición das aprendizaxes.

Arbitraranse dinámicas que fomenten o traballo en grupo, partindo do noso contorno.

A linguaxe utilizada será clara e sinxela e a gradación das actividades fará que aparezan en último lugar as que requiren maior esforzo.

### CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación practicarase da seguinte maneira:

- **Individualizada:** centrándose na evolución de cada alumno/a, e na súa situación inicial e particularidades.
- **Cualitativa :** onde se aprecian e avalían de forma equilibrada os distintos niveis de desenvolvemento do alumno/a.
- **Orientadora :** achegando ao alumno/a a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe.
- **Continua :** contrastando os diversos momentos de aprendizaxe pasando por unha fase
- **Inicial :** que nos achega datos acerca dos coñecementos previos de cada alumno/a.
- **Os instrumentos a utilizar:** a observación directa do traballo diario da clase, reproducir esquemas por escrito e fichas de avaliación para comprobar a adquisición de coñecementos.